

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE  
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA  
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 27.12.2018      Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 27 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 39875 (10/POC-006218)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do nivel de credibilidade da rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018*  
*Publicación correccións, BOPG n.º 383, do 14.11.2018*
- 1.2 40372 (10/POC-006301)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis  
Sobre o alcance que ten fóra de Galicia a produción audiovisual de ficción feita na comunidade autónoma  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018*
- 1.3 41320 (10/POC-006435)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a apertura dun expediente disciplinario a un locutor da CRTVG por compatibilizar o seu traballo no ente público con outros, así como as actuacións previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 398, do 14.12.2018*
- 1.4 41498 (10/POC-006461)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre as actuacións levadas a cabo pola CRTVG no último ano para mellorar a súa oferta de contidos para a infancia, así como as que está a desenvolver para fomentar o galego entre a mocidade, para o cumprimento da Estratexia Nacional sobre Adicións no que atinxe á prevención de condutas adictivas e para promover a formación dos rapaces en igualdade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 398, do 14.12.2018*
- 1.5 41625 (10/POC-006474)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis



Sobre a cobertura informativa dada na Televisión de Galicia ás mobilizacións da sanidade pública, en especial á dimisión do oitenta por cento das xefaturas de servizo dos centros de saúde de Vigo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 400, do 18.12.2018*

- 1.6      41691 (10/POC-006481)  
          Grupo Parlamentario de En Marea  
          Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca  
          Sobre o tratamento informativo dado pola Televisión de Galicia á dimisión de dezaoito xefes de servizo dos centros de saúde da área sanitaria de Vigo  
          *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 400, do 18.12.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 27.12.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 27.12.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1        39875(10/POC-006218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do nivel de credibilidade da rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria

*Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018*

*Publicación correccións, 383, 14.11.2018*



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

Na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do Parlamento de Galicia do pasado 31 de outubro alterouse gravemente o decorrer da comisión, o que provocou un problema en termos de forma e fondo.

Na cuestión formal, resultou chamativa a inacción e conivencia da Presidencia da Comisión que permitiu a interrupción da intervención dun deputado por parte dun asistente sen identificar, que puido subirse á mesa da Presidencia para intercambiar algunhas impresións e observacións co director xeral da CRTVG, Sr. Sánchez Izquierdo, que comparecía para responder ás preguntas dos grupos parlamentarios. Sen ningunha advertencia nin dirixirse á persoa que interrompeu o decorrer da Comisión, incluso o deputado interrompido foi chamado ao “decoro” para que non puxera o acento sobre a situación ocorrida.

Este escenario complementábase co problema de fondo ocorrido, que foi a manipulación realizada do momento dunha información publicada na web da CRTVG, sobre a que o deputado intervinte estaba chamando a atención e corrixindo a resposta previa do Sr. director xeral, que afirmaba que tal afirmación xa estaba cambiada. Esta información, referida a unha nova no seu día ofrecida nos informativos da radio e televisión públicas, e que resultaba falsa, levaba un ano publicada co erro mantido, e sinalaba a unha persoa como detida por unhas supostas acusacións, cando a información tense demostrado falaz.

O vivido na Comisión amosou como a propia web da CRTVG cambiou durante a realización da pregunta, como puideron comprobar os asistentes que observaron as dúas versións, e que coincidiu tal cambio coa interrupción da sesión por parte do asistente á comisión sen identificar.

Este conglomerado de irregularidades provoca unha falta de credibilidade sobre o funcionamento da CRTVG e da propia comisión parlamentaria de control, o que



redunda nun problema global da CRTVG sobre a súa propia confiabilidade como servizo público.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que nivel de credibilidade considera a Xunta de Galicia que ten a rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria?
2. Cre o Goberno da Xunta de Galicia que é aceptable o ocorrido durante a citada Comisión coa interrupción e a modificación dos contidos no acto para xustificar un erro previo?
3. Ten pensado o Goberno de Galicia tomar algunha decisión sobre o ocorrido? Ten previsto algunha medida sobre a persoa que interrompeu a comisión se esta pertence á CRTVG?
4. Que imaxe cre o Goberno de Galicia que ofrece a CRTVG cando ocorren situacións como esta?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 07/11/2018 17:23:20**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/11/2018 17:23:25**



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 27.12.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      40372(10/POC-006301)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o alcance que ten fóra de Galicia a produción  
audiovisual de ficción feita na comunidade autónoma

*Publicación da iniciativa, 391, 29.11.2018*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2018 10:33  
Nº Rexistro: 40372  
Data envío: 16/11/2018 10:33:29.472

## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno, Moisés Rodríguez Pérez e Rosa Oubiña Solla**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de control da Corporación da CRTVG**.

O éxito dos contidos audiovisuais galegos producidos ou participados pola CRTVG mídese tanto polos niveis de audiencia que rexistran na súa emisión a través da primeira canle da televisión pública galega, como pola crecente demanda dende outras comunidades do Estado, outros países da Unión Europea e de todo o mundo.

A introdución de produtos audiovisuais creados en Galicia a través da CRTVG noutros territorios está permitindo exportar o talento, a creatividade e o potencial do sector na nosa comunidade. Esta estratexia permite, ademais, exhibir a nosa cultura, os nosos valores e a nosa realidade, de xeito que proxectos con esencia e identidade galega se abren un oco no mercado nacional e internacional. O certo é que nos últimos anos moitos produtos audiovisuais galegos están atraendo a atención doutros circuitos fóra de Galicia, o que demostra a boa saúde do sector.

Sen esquecer que a emisión da nosa ficción fóra da comunidade tamén significa amosar ao mundo as nosas vilas e cidades a través das imaxes e escenas gravadas en exteriores. Un exemplo é unha das series de máis éxito da TVG, *Serramoura*, onde o 40% da nova temporada foi rodada fóra de plató, e que xa se levou ao mercado latino dos Estados Unidos. Deste xeito, os esforzos económicos de promoción e produción da ficción feita aquí teñen un maior impacto máis alá do seu público obxectivo inicial, o galego.

Paralelamente, estanse a seguir fórmulas de produción de contidos audiovisuais con excelentes resultados e repercusión nacional ou internacional, como é o caso das coproducións como *O Final do Camiño*, que se emitiu de forma simultánea na TVG e en TVE ou *Vidego palace*, coprodución coa RPT portuguesa.

Cabe lembrar que a dixitalización permitirá, ademais de mellorar a calidade da imaxe acadando no 2019 a emisión en FULL HD e de axilizar os procesos de elaboración de contidos, a apertura de novas oportunidades para o audiovisual galego. De feito a CRTVG xa anunciou no mes de outubro que a serie de estreia desta temporada, *O sabor das Margaridas* estará dispoñible a partir de 2019 en 190 países a través dunha plataforma de internet, o que permitirá incrementar a audiencia obxectiva deste contido impulsado polos medios públicos audiovisuais de Galicia.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2018 10:33  
Nº Rexistro: 40372  
Data envío: 16/11/2018 10:33:29.472

A emisión das producións con selo galego fóra das nosas fronteiras permite dar cada vez máis visibilidade tanto á nosa industria do audiovisual como aos seus profesionais, o que fai que a nosa ficción sexa cada vez máis coñecida en máis partes do mundo, incluso nun marco audiovisual cambiante e cunha escalada do consumo á carta en detrimento da televisión convencional.

Por este motivo, dende o Grupo Popular queremos coñecer a estratexia que está a seguir a CRTVG na promoción da ficción feita en Galicia e o impacto que teñen na actualidade as creacións impulsadas pola corporación.

Por este motivo, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o alcance da ficción con selo galego fóra de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 16/11/2018 10:31:46**

**Maria Antón Vilasánchez na data 16/11/2018 10:31:55**

**Jaime Castiñeira Broz na data 16/11/2018 10:32:01**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 16/11/2018 10:32:08**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/11/2018 10:32:18**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 16/11/2018 10:32:25**

**Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2018 10:32:32**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 27.12.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3        41320(10/POC-006435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a apertura dun expediente disciplinario a un locutor da  
CRTVG por compatibilizar o seu traballo no ente público con  
outros, así como as actuacións previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 398, 14.12.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/12/2018 17:01:05  
Nº Rexistro: 41320  
Data envío: 04/12/2018 17:01:05.661

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Legislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 38 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro.

Ao que hai que engadir o actual calendario de mobilizacións, aprobado recentemente, contra o desmantelamento deste servizo público, que comezou o pasado 20 de novembro con paros parciais de dúas horas por quenda, e que se mantiveron en días alternos durante sete xornadas ata este pasado domingo 2 de decembro. Ademais están convocadas dúas folgas de 24 horas para os días 19 e 22 de decembro.

Dentro das causas que levan aos traballadores e traballadoras da CRTVG a manter, e mesmo a intensificar nas últimas semanas estas mobilizacións, figuran as actitudes represivas e de castigo da Dirección aos profesionais dos medios públicos de Galicia para silenciar as súas críticas contra a manipulación informativa. De feito, o pasado mes de outubro, a causa das protestas do cadro de persoal, a compañía arquivou o expediente que abriera meses atrás á xornalista Tati Moyano, presentadora do Telexornal Serán que dimitiu desta labor xunto a Alfonso Hermida para denunciar control informativo na canle pública e que reivindicara ante o presidente da Xunta as protestas dos venres negros a prol do cumprimento da Lei de medios na Televisión de Galicia e na Radio Galega.

CSM-REXISTRO-NB130wqYh-9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/12/2018 17:01:05**  
**Nº Rexistro: 41320**  
Data envío: 04/12/2018 17:01:05.661

Apenas un mes despois da conclusión do proceso contra esta xornalista, dende o Grupo Socialista coñeciamos que se abrira un expediente disciplinario ao locutor Carlos Jiménez, empregando a CRTVG un argumento semellante ao que inicialmente empregara contra Tati Moyano: o da compatibilidade do seu traballo na empresa pública con outros traballos. Neste caso, a pesares de que Jiménez conta cunha compatibilidade concedida polas vías legais dende hai unha década, a CRTVG sanciónao por exercer como locutor nun programa elaborado por unha produtora e emitido pola propia TVG. Unha actuación que dende o propio comité de empresa cualifican como “unha nova represalia, que tal e como acontecera no caso de Tati Moyano, a outro traballador que durante estes pasados meses participou de maneira pública e notoria nas mobilizacións contra a manipulación informativa nos medios públicos galegos.”

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos reais polos que a CRTVG ordenou a incoación dun expediente disciplinario ao locutor Carlos Jiménez?
2. Dende que data ten recoñecida este traballador a compatibilidade?
3. Ten previsto a Corporación continuar coa tramitación deste expediente?
4. Vai a CRTVG a aplicar algunha medida das contempladas no réxime disciplinario establecido no Convenio Colectivo?
5. Ten previsto a CRTVG poñer en marcha algún mecanismo para aclarar e interpretar as normativas sobre incompatibilidades, e a respecto do uso de medios da compañía?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2018 16:59:54**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/12/2018 17:01:05**  
**Nº Registro: 41320**  
Data envío: 04/12/2018 17:01:05.661

**Julio Torrado Quintela na data 04/12/2018 17:00:00**

CSV REGISTRO-NB50wqYh-9  
Validado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 27.12.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.4      41498(10/POC-006461)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións levadas a cabo pola CRTVG no último ano para mellorar a súa oferta de contidos para a infancia, así como as que está a desenvolver para fomentar o galego entre a mocidade, para o cumprimento da Estratexia Nacional sobre Adiccións no que atinxe á prevención de condutas adictivas e para promover a formación dos rapaces en igualdade

*Publicación da iniciativa, 398, 14.12.2018*





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da Compañía da CRTVG**.

A programación televisiva nunca é inocente. Transmite valores e contribúe á formación da cidadanía. Por iso, cómpre que as canles sexan responsables, máxime cando os contidos van dirixidos a unha audiencia infantil ou xuvenil.

A CRTVG asinou un *Código de autorregulación sobre contidos televisivos e infancia*, que foi elaborado “coa intención de facer compatibles entre si valores que informan o actual Estado social e democrático de dereito: a liberdade de expresión con respecto aos dereitos da personalidade; interdicción da violencia; a discriminación e a intolerancia, e a protección da infancia e da mocidade”. Co obxecto de facer valer o *Código*, as súas intencións terían que concretarse nunha serie de accións que non parece que se estean levando a cabo na corporación.

Deteñámonos, por exemplo, nos seguintes puntos:

“d. Evitar a incitación aos nenos á imitación de comportamentos prexudiciais ou perigosos para a saúde, especialmente: a incitación ao consumo de calquera tipo de drogas e o culto á delgadeza extrema”.

Para cumprir con este principio, propónse, entre outras cousas:





“c. Non se mostrará a menores identificados consumindo alcol, tabaco ou substancias estupefacientes”.

Isto entronca con varios dos obxectivos estratéxicos expostos na *Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024* (ENA), a saber:

“10.1.3 Promover unha conciencia social de riscos e danos provocados polas drogas e adiccións, aumentar a percepción do risco asociado ao consumo e a determinadas conductas adictivas (xogo, TICs...) e contar coa participación cidadá a este propósito.

10.1.4 Reducir a inxustificada percepción na sociedade e especialmente en menores, sobre a “normalidade” dos consumos de drogas, fundamentalmente cannabis e de alcohol.

(...).

10.1.6 Promover conductas e hábitos de vida saudables, uso saudable das novas tecnoloxías e alternativas de ocio sas, incompatibles co abuso de substancias e outras conductas adictivas”.

Na propia ENA, sublíñase a importancia de que os medios de comunicación desenvolvan “intervencións preventivas”, tanto no que atinxe ao consumo de drogas como no que se refire a adicción ao xogo. Pouco se está a facer dende a CRTVG neste sentido.

É tamén moi importante que os medios de comunicación cobren conciencia do papel activo que deben desempeñar na formación en materia de xénero e igualdade. Acerca disto, dise no *Código de Autorregulación*:





## “1. PROGRAMAS ESPECIALMENTE RECOMENDADOS PARA A INFANCIA

Comportamentos sociais:

Programas que impliquen unha descrición positiva de comportamentos infantís ao impulsar valores como a solidariedade, a igualdade, a cooperación, a non violencia e a protección do medio natural”.

Para formar aos rapaces e rapazas en xénero e igualdade, precísase contar cunha estratexia específica. Porén, a CRTVG non conta con ningunha, polo que o seu compromiso ao respecto, quédase en palabras baleiras.

Por último, temos que destacar, unha vez máis, a importancia dos medios de comunicación na defensa da nosa lingua e da nosa cultura. Dise no *Código*:

“c. Colaborar nunha alfabetización dos nenos correcta e adecuada, evitando a linguaxe indecente ou insultante, incluíndo, expresamente, as mensaxes SMS que aparecen en pantalla”.

Unha parte da alfabetización das nenas e dos nenos galegos ten que ver, necesariamente, coa ensinanza do idioma. Esta ensinanza é de particular relevancia porque, segundo afirma a Real Academia Galega nun informe titulado *Lingua e sociedade en Galicia* existe unha “crecente ruptura da transmisión interxeracional” do idioma que conduce a uns “usos minguentes do galego por parte da xente máis nova”. Así é que mentres o 75% da poboación galega de





máis de 75 anos fala maioritariamente en galego, só o 30% dos menores de 20 exprésanse no noso idioma.

Durante o período 1994-2009, o Club Xabarín actuou como un axente normalizador da lingua galega, pero a partir do 2009, ano no que se traspasaron os contidos infantís da TVG á TVG2, a programación infantil e xuvenil comezou a perder o interese da súa audiencia. Tanto é así que o propio director xeral de la CRTVG tivo que recoñecer o pasado ano que os contidos específicos para os rapaces emitidos na canle autonómica eran “mellorables” e que as estratexias para fomentar o uso do galego entres os mías pequenos fracasaran.

Comprobamos, polo tanto, que a CRTVG non está a cumprir integramente o *Código de autorregulación sobre contidos televisivos e infancia*, xa que non está atendendo correctamente a algunhas das súas esixencias. Tendo en conta a particular vulnerabilidade dos nenos e das nenas, así como da mocidade, é urxente que isto mude de inmediato.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Que fixo a CRTVG o último ano para mellorar a súa oferta de contidos para os rapaces e as rapazas? Conseguiu despertar o seu interese cunha nova programación? Se non é así, que é o que está fallando? Porque a TVG non logra reter o interese da mocidade, algo que si logran varias das canles infantís da TDT?
- Que está facendo a CRTVG para fomentar o galego entre a mocidade? Cal é a súa oferta cultural centrada nos rapaces e rapazas?





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/12/2018 18:09:01  
Nº Rexistro: 41498  
Data envío: 05/12/2018 18:09:01.924



- Que está a facer a CRTVG para satisfacer as esixencias da Estratexia Nacional sobre Adiccións no que se refire á prevención das conductas adictivas?
- Que está a facer a CRTVG para promover a formación dos rapaces en igualdade e en materia de xénero?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 05/12/2018 18:05:41**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2018 18:06:08**

CSV REXISTRO-ZICPKCdbi-8  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 27.12.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.5      41625(10/POC-006474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a cobertura informativa dada na Televisión de Galicia ás mobilizacións da sanidade pública, en especial á dimisión do oitenta por cento das xefaturas de servizo dos centros de saúde de Vigo

*Publicación da iniciativa, 400, 18.12.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/12/2018 11:30:33  
**Nº Rexistro: 41625**  
Data envío: 11/12/2018 11:30:33.305

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**, sobre a cobertura das mobilizacións na sanidade pública, especialmente da demisión do 80% das xefaturas de servizo dos centros de saúde de Vigo.

O 10 de decembro o 80% das xefaturas de servizo dos centros de saúde da área sanitaria de Vigo anunciaron, a través dunha carta pública, que presentaban a súa demisión como mostra de rexeitamento polas precarias condicións de traballo do persoal sanitario, a falta de persoal, as listas de agarda en Atención Primaria, a sobrecarga de traballo e os recortes orzamentarios acumulados. “Até aquí chegamos”, aseguraron.

Malia facerse pública a súa decisión a primeira hora do día, a comparecencia de prensa foi convocada pola tarde.

As demisións das xefaturas de servizo viguesas, unha vintena, súmanse á folga convocada nas Urgencias do CHUS e nos PACs así como ao conflito das ambulancias e ao debate aberto, tamén, no Parlamento de Galiza arredor das consecuencias dos recortes orzamentarios en sanidade ao fío de dous fitos





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/12/2018 11:30:33**  
**Nº Rexistro: 41625**  
Data envío: 11/12/2018 11:30:33.305

tráxicos, a morte de doentes de Hepatite C e a dun paciente no PAC da Estrada por falta de persoal médico para o atender.

Malia a relevancia e magnitude da nova, os servizos informativos da TVG non consideraron que a información tivese importancia suficiente para ser destacada en Titulares, nin ao mediodía nin ao serán.

Así, a escaleta do TX-1 –o de maior audiencia de acordo cos datos da Corporación- relegou até o minuto 20:44 a nova das demisións e reservou a maior parte da peza informativa para as declaracións do director do Sergas. Ao serán, a información pasou ao quinto lugar (10:29) incluíndo xa unhas breves palabras do portavoz sanitario en comparecencia pública.

Sorprende esta cobertura se o comparamos co lugar destacado que as mobilizacións do persoal público, ora ben, en Catalunya acontecidas o 29 de novembro, si que foron consideradas relevantes e abriron os titulares da xornada na TVG: ‘Outono quente, pero sen lazos amarelos’, titularon.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta na Comisión da CRTVG:

- Que ten que acontecer para que mobilizacións, denuncias ou demisións que critiquen o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, por exemplo en sanidade, abran un servizo informativo, sexan incluídas en titulares ou ocupen as primeiras liñas do telexornal?

CSX4 REXISTRO-81p-XE4bn-9  
Verificación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/12/2018 11:30:33  
Nº Rexistro: 41625  
Data envío: 11/12/2018 11:30:33.305

- Que criterio informativo relega ao minuto 20:44 a demisión do 80% dos xefes de servizo dunha área sanitaria en Galiza mais considera nova do día en titulares a folga sanitaria en Catalunya tendo en conta que falamos dos medios públicos galegos?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/12/2018 11:29:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/12/2018 11:29:32**



CSX: REXISTRO-8fp:XE4bn-9





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/12/2018 11:30:33**  
**Nº Registro: 41625**  
Data envío: 11/12/2018 11:30:33.305

**Noa Presas Bergantiños na data 11/12/2018 11:29:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/12/2018 11:29:39**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/12/2018 11:29:41**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2018 11:29:44**

CSV XERXISTRO-8fp-XE4bn-9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 27.12.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.6      41691(10/POC-006481)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre o tratamento informativo dado pola Televisión de Galicia á dimisión de dezaoito xefes de servizo dos centros de saúde da área sanitaria de Vigo

*Publicación da iniciativa, 400, 18.12.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG.**

Durante este mes de decembro dezaioito xefes de servizo de centros de saúde de Vigo comunicaron a súa dimisión empuxados polo deterioro da asistencia sanitaria da atención primaria segundo un escrito redactado por eles mesmos. Isto representa un 80% do total dos xefes de servizo desta área e, ademais, espérase que se unan un número maior de compañeiros a esta denuncia. Durante o verán deste ano foron varias as peticións que se reclamaron por parte dos profesionais sen ser, a día de hoxe, ningunha resolta.

Entre outras, os profesionais queíxanse da sobrecarga asistencial (están soportando nalgún caso máis de noventa pacientes diarios), da nula previsión sobre recambio profesional, irregularidades dos plans de reposición de material e aparatos, as condicións precarias das persoas que pretenden incorporarse a traballar no sistema de saúde, as listas de espera para probas e consultas hospitalarias que sofren os pacientes tendo así que colapsar o sistema de urxencias, a precariedade do relevo xeracional dentro do sistema, etc.

A Xunta de Galicia desvía a atención das reivindicacións co argumento de que isto non é problema único de Vigo e en que toda España está sucedendo, tratando de diluír así a culpa do mal estado do sistema do que é directamente responsable. Tendo en conta que a este acontecemento se lle suman as reivindicacións por parte das Urxencias do Hospital Clínico de Santiago, folgas continuas no sector das ambulancias e nos puntos de atención continuada (PAC).

A pesar da importancia dos feitos, o día dez de decembro as noticias que abren os telexornais nada teñen que ver co estado do sistema de saúde galego nin coas





reivindicacións por parte do sector sanitario. Sorprendentemente, as noticias cas que comeza o telexornal están relacionadas con Torra, Sánchez e Pachi Vázquez. A única noticia referente a estes sucesos ocupa o posto número once e remata despois dun minuto.

O día once esta noticia non ocupa ningún titular no telexornal, tan só a noticia número quince fai referencia a unha manifestación por parte do sindicato O'Mega diante das portas do Parlamento de Galicia que, á súa vez, é unha noticia á que tan só lle dedican quince segundos. Xustamente a noticia anterior a esta é unha onde se esclarece que Galicia é a sexta comunidade que máis cartos destina a sanidade.

Todo isto supón motivos claros para supoñer que a RTVG está directamente influenciada, manipulada e coaccionada polo partido que goberna no Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión:**

- Existe algunha explicación ao por que a TVG no dedique o tempo que merece unha problemática como a que está a suceder?
- Existe algunha razón para que os telexornais da galega ocupen máis espazo en falar das folgas dos médicos cataláns e andaluces que a dos propios membros do Sistema Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/12/2018 10:46:06**  
**Nº Rexistro: 41691**  
Data envío: 13/12/2018 10:46:06.304



**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/12/2018 10:43:41**

**Luca Chao Pérez na data 13/12/2018 10:43:48**

CSV REGISTRO XERAL ENTRADA  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

